

INSTRUMENTOS DE CORDA : CORDÓFONOS

Nos instrumentos de corda o son prodúcese ao vibrar a corda sobre a caixa de resonancia. Todos os instrumentos de corda teñen caixa de resonancia. A altura do son depende do grosor, a lonxitude e a tensión das cordas. Segundo a forma de facer vibrar esa corda clasifícanse en: **CORDA FRETADA**, **CORDA PUNTEADA** e **CORDA PERCUTIDA**.

INSTRUMENTOS DE CORDA FRETADA

Soan ao fretar as cordas cun arco. Constan de tres partes principais: caixa de resonancia ou caixa harmónica, mastro e caravilleiro. Sobre estos corpos de madeira dispóñense tensadas catro cordas de metal de distinto grosor que se colocan grazas a una peza chamada ponte. Tócanse cun arco que é unha variña de madeira con fíos moi finos de nailon (antigamente crines de cabalo) que se untan cunha resina especial para que poidan rozar ben as cordas.



Unha das formacións mais apreciadas polos compositores é o **cuarteto** de corda formado por dous violíns, unha viola e un violonchelo.

INSTRUMENTOS DE CORDA PUNTEADA

Soan cando as súas cordas son pulsadas ou punteadas cos dedos, unllas ou cunha puga ou plectro.



Outros instrumentos da familia:



INSTRUMENTOS DE CORDA PERCUTIDA

Soan cando as súas cordas son golpeadas ou percutidas cun martelo.



O PIANO

É un instrumento polifónico, é dicir capaz de emitir varios sons á vez.

As cordas son percutidas cuns martelos de feltro que se poñen en movemento ao premer as teclas cos dedos. Os pianos adoitan ter 88 teclas e dous ou tres pedais. Participa coa orquestra como instrumento solista. O seu inventor Bartolomeo Cristofori polo 1700.